



TARIFA +65

TRANSPORTE PÚBLICO GRATUITO PARA MAIORES DE 65 ANOS

Información sobre tratamento de datos referente á comunicación informativa remitida a persoas titulares de tarxetas TMG

No mes de decembro de 2023 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade remitiu, en colaboración coa entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. unha comunicación informativa ás persoas titulares da tarxeta TMG que, atendendo aos datos dispoñibles, accederían directamente á tarifa +65.

Consonte co indicado na dita comunicación, dáse publicidade aos aspectos esenciais do acordo de corresponsabilidade no tratamento de datos, inseridos no correspondente convenio de colaboración, consonte co artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril.

Deber de confidencialidade e tratamento de datos

1. Cada unha das partes comprométese a cumprir, no ámbito de execución do presente Convenio, coas obrigas e deberes que respectivamente lles correspondan, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, "RXPD"), así coma na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, "LOPDXDD") e en calquera normas aplicables ou que no futuro poidan promulgarse en desenvolvemento da anterior.

2. En todo o referente á protección de datos persoais e deber de confidencialidade resultarán de aplicación as cláusulas previstas no convenio formalizado entre as mesmas partes o 8 de novembro de 2022.

Os datos persoais dos asinantes e/ou representantes que subscriben o presente Convenio en nome e representación de cada parte, serán tratados



coa finalidade de xestionar e executar o presente Convenio. A base xurídica para o tratamento de tales datos atópase no interese lexítimo das Partes en garantir o correcto desenvolvemento e execución da relación contractual.

Os referidos datos persoais conservaranse durante a vixencia do Contrato e posteriormente, sempre que non se exercite o dereito de supresión, durante os prazos legais que resulten de aplicación. En concreto os datos persoais que sirvan como xustificante da relación contractual establecida e/ou do cumprimento de obrigas legais derivadas da mesma, serán conservados, debidamente bloqueados, durante os prazos de conservación que impoña a normativa aplicable, así como durante os prazos de prescrición das accións civís, penais, administrativas ou de calquera outro tipo que puidesen derivarse da relación contractual.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade mediante petición escrita:

- Respecto de ABANCA, a través do enderezo electrónico: privacidad.proveedores@abanca.com
- Respecto da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se establece na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Así mesmo, os interesados poderán dirixir as súas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es) no caso de considerar vulnerados os seus dereitos.

3. Respecto da colaboración que se regula na cláusula terceira deste convenio e, de xeito singular, respecto da elaboración dunha comunicación postal ás persoas maiores de sesenta e cinco anos titulares de TMG, as partes recoñecen e aceptan que, as partes actuarán como corresponsables do tratamento, consonte co establecido no artigo 26 do RXPDP, ao teren sido determinados conxuntamente polas partes os obxectivos e os medios esenciais da indicada operación de tratamento dos datos persoais.

No ámbito de dita corresponsabilidade do tratamento, as respectivas responsabilidades das partes no cumprimento das obrigas impostas polo RXPDP, establécese de mutuo acordo:



- a. Corresponde á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a definición dos parámetros para a identificación dos Titulares da TMG que serán os destinatarios da comunicación, que se efectuará consonte co que establece o artigo 6.1.b) do RXP, isto é, a adecuada execución do servizo de transporte público da Xunta de Galicia e, por conseguinte, tamén a adecuada execución do contrato para a adquisición e utilización da tarxeta da mobilidade de Galicia, como medio de pagamento, emitida por ABANCA no marco da colaboración coa Xunta de Galicia, contrato que os Titulares teñen suscrito con ABANCA.

A indicada comunicación axustarase ao formato e contido que indicará a consellería.

- b. Pola súa parte, ABANCA poderá encargarse a impresión, sobrado e entrega en Correos da comunicación ao seu provedor de servizos Abanca Gestión Operativa, S.A. (A-15126923), asumindo o compromiso de, para tal fin, incluír a cláusula de encargo do tratamento dos datos persoais, consonte ao establecido no artigo 28 do RXP, no contrato de prestación de servizos que teña suscrito ou subscriba con Abanca Gestión Operativa para regular o acceso por dito provedor aos datos persoais, consonte co seguinte:
 - Coa finalidade de que o referido provedor poida levar a cabo os servizos de impresión, sobrado e entrega en Correos das comunicacións, ABANCA proporcionaralle os datos identificativos e de contacto dos seus destinatarios, así como os catro últimos díxitos da última TMG adquirida por aqueles, TMG que se terá en conta para o acceso polo seu titular á tarifa +65.
 - Utilizar, aos efectos da impresión, sobrado e entrega en Correos das cartas, os últimos datos identificativos e de contacto que os destinatarios lle facilitaran a ABANCA, tal e como ditos datos estean rexistrados nos seus sistemas.

Así mesmo, ABANCA atenderá o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos datos que os destinatarios poidan exercitar en relación coa operación de tratamento dos seus datos que comporta o envío das comunicacións, sen prexuízo de que os destinatarios poidan exercitar ditos dereitos fronte a cada unha das partes na súa condición de responsables do tratamento dos datos.

De igual modo, corresponde a ABANCA ter informado aos destinatarios, nos contratos para a adquisición e utilización da TMG (como medio de pago)



emitida por ABANCA en colaboración da Xunta de Galicia, de que: (i) os seus datos de carácter persoal serán tratados coa finalidade de manter, desenvolver e controlar a relación derivada dos devanditos contratos; e (ii) das direccións nas que poderán exercer os dereitos anteriormente referidos.

As partes porán a disposición dos destinatarios das comunicacións que o soliciten os aspectos esenciais do presente acordo de corresponsabilidade.